

CASTELAO EN CATALUNYA, NO PERIODO DA GUERRA CIVIL. 1937-38

XOSE LOIS GARCIA

Antes de falar de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Catalunya, ou de analizar as súas andanzas, opinións e escritos, quero introducir-me brevemente nas relacións entre Galicia e Catalunya, mantidas por destacados líderes dos dous pobos a fins do século XIX e principios do XX.

Os inicios do nacionalismo político en Catalunya a fins do XIX, teñen un enorme atractivo pra galegos como Brañas e Murguía, que se definen como rexionalistas. O libro de Valentí Almirall "Lo Catalanisme" (1886) serve como guía ao "Proiecto de Constitución para o Estado Galego" (1887). E, en 1889, Brañas publica en Barcelona "El Regionalismo" que en moitos capítulos convirte-se nunha apoloxía da alternativa que se estaba dando en Catalunya con respecto ao centralismo. O propio Brañas concreta os seus 16 puntos programáticos rexionalistas nas "Bases de Manresa"; pronuncia conferencias en diversos pobos catalás e na Universidade de Barcelona e foi mantedor dos "Jocs Florals" de 1893, desta Cidade. Evidentemente, estaba introducido na dialéctica reivindicativa catalana, tal como amosa a súa correspondencia con Almirall.

Murguía tamén está atento á evolución política catalana. En Barcelona, pronuncia conferencias e mantén contactos cos cataláns para estruturar e redactar os reglamentos rexionalistas de 1899, que son bastante calcados dos que confeccionou a Lliga Catalana, no 1897.

Tamén "Solidaritat Catalana", de matiz agrarista, creada en 1906, vai influir no nacemento de "Solidaridade Galega", creada en 1907. Asimesmo, organizadores de "Irmandades da Fala" están moi atentos aos pasos que dá a Mancomunitat de Catalunya e, sobre todo, hai un contacto cáseque permanente, entre Villar Ponte e Prat de la Riba, tal como se desprende das cartas e adicatorias de libros que intercambian entrambos. Tanto Prat de la Riba como Puig i Cadafalch sosteñen que o principal da reivindicación nacional é a lingua. Entre 1914 e 1915 os nacionalistas cataláns fan un gran esforzo por crear asociacións e centros de cultura, ca finalidade de potenciar o catalán. En 1916 nacen as "Irmandades da Fala" que, dalgún xeito, están orientadas pola política lingüística catalana.

Finalmente, no 1918 (ano en que se celebrou en Barcelona unha semana adicada a Galicia) catalás e galegos sentan as bases para a creación da "Triple Alianza", constituída na Cidade Condal, o 11 de Setembro do 1923, coincidindo coa "Diada Nacional Catalana".

Un dos primeiros contactos de Castelao con Catalunya, foi precisamente no ano 1923, en que expuso os seus dibuxos e, ao mesmo tempo, pronunciou unha conferencia sobre a caricatura, no Ateneo. A miudo remarcaba as diferencias en-

tre as sociedades galega e catalana. En "Sempre en Galiza" fai a seguinte diferenciación: "Cataluña representa pol-a súa industria progresiva, a súa potencialidade económica e o seu nivel de vida social tanto coma o resto de Hespaña e, ademáis, ten unha cidade populosa, meirande que Madrid, portavoz abrouxador das aspiracións catalanas". Respecto a Galicia dixo: "é un país precapitalista, povoado por traballadores que viven dun mísero xornal, que eles mesmos sacan da terra ou do mar; sen indústrias d-abondo para absorber o excedente de poboación labrega e mariñeira; c-un paro forzoso e c-un déficit pecuniario constante, que se resolve pacificamente por meio da emigración".

Castelao cree no federalismo entre Catalunya, Galicia, Euskadi e Castela por ser unha solución conveniente ao problema hispano. Esta idea é fruto do pensamento pimarvalliano, que Castelao lee e relee, pero indo máis alá de conceptos abstractos e superados polo tempo, para cengirse a un plan racional que parte das reivindicacións das nacionalidades periféricas para entrar na Europa das nacionalidades. Lémbranos que Catalunya, Euskadi e Galicia foron recoñecidas pola III Internacional (1919) e no IX Congreso de Minorías Nacionais de Europa, celebrado en Berna en 1932. Era da opinión de que o Estatuto catalán contase con institucións independentes para asegurar a liberdade de Catalunya. Suliña ao respecto: "Todos lembramos cómo Lerroux suspendeu o Estatuto catalán, e volvería a ser suspendido no decorrer do tempo, é cicáis con piores modos e máis graves resultados".

Na altura en que se estaba discutindo o Estatuto catalán no Parlamento Español, as posturas do Partido Galeguista eran coñecidas e aplaudidas en Catalunya. Todas as forzas políticas catalanas, súmanse ao chamado "Homenatge a Galicia", representada por Castelao e Otero Pedrayo, celebrado en Barcelona do 20 ao 22 de Xullo de 1932. Este homanaxe foi preparado a petición de Carrasco i Formiguera, dirixente da Unió Democrática de Catalunya, católico e amigo de Pedrayo. Este acto foi apoiado polas seguintes entidades: Partit Catalanista Republicà, Centre Autonomista de Dependents, La Falç, Centre Excursionista de Catalunya, Barcelona-Ko Eusko Vatzokia, Juventud d'Esquerra Republicana, Comité del Congrès de Nacionalitats Hispàniques, Agrupació Catalans d'América, Esquerra Republicana de Catalunya, Centres Catalanistes, Dreta Liberal de Catalunya, Centres d'Esquerra, Casals Republicans, Ateneu Regionalista Verdaguer, Casino de Sants, Unió Ex-Voluntaris Catalans, Orfeó de Sants, Casal Català (Nosaltres Sols), Academia de Jurisprudència, Centro Cultural Galego, Orfeó Gracienc, Ateneu Nacionalista Republicà de la Bonanova, Casal de la Plana de Vic, Ateneus Obrere, Lliga Regionalista, Acció Catalana, Partit Radical Socialista e Palestra. Esta longa lista de entidades configuraban o espectro sociopolítico e cultural de Catalunya. Como puderon notar, faltan eiquí as siglas da CNT e da UGT.

Cando chegan os deputados á estación do Tibidabo, prodúcese unha intensa ovación, misturada con berros á liberdade e á independencia de Galicia e Catalunya. Castelao, iñorando o protocolo, dixo: "Fálovos en galego, sei que me entendedes: outros en troques, endexamáis entenderan-me: Vimos por enriba de todo co noso sentimento. O noso ideal é un ideal de paz. Galiza non é un pobo de

héroes ou guerreiros, senón un pobo de homes que desexan traballar e vivir en paz".

O recibimento oficial foi na praza de Catalunya. Por parte catalana falou, entre outros, o historiador e amigo de Castelao, Antoni Rovira i Virgili; por Euskadi, o enxeñeiro Doñabeitia; e Luís Suárez, presidente do Centro Cultural Galego, por Galicia. A continuación os dous deputados galegos. Castelao pechou o acto con estas palabras: "Por Cataluña, máis que amor o que sentimos é envexa; porque para chegar ao que vós habedes conquerido, temos que camiñar aínda moito. Quédanos a esperanza de ver algún día unha Galicia ceibe e forte".

Despois de este acto, son recibidos polos presidentes da Generalitat e do Concell Municipal, señores Macià e Casanovas, respectivamente, que xantaron na Font del Lleó e onde se falou de elaborar unha estratexia común de cara ós estatutos das nacionalidades históricas. Pola tarde, visitan o Institut de Estudis Catalans e o Arxiu de la Ciutat.

O día 21, Castelao e Otero reúnense cos meios informativos e visitan o Parque da Ciudadela para xantar na torre Jaume I con autoridades catalanas. Castelao pronuncia un mitin no Centro Autonomista de Dependientes de Comercio, sendo presentado por Rovira i Virgili. O discurso, en galego, é interrompido por un castellano parlante, quen convida ao conferenciante a falar en critián; aquel é empurrado para o exterior da sala, mentras se producen vivas e aplausos nacionalistas, durante tres minutos. A continuación, a Unió Democràtica de Catalunya tributou o seu propio homenaxe, con discursos de Carrasco i Formiguera, Vila i Abadal e Trias Peitx. Máis tarde, visitaron La Falç, situada nas Ramblas, onde o público lles tributa unha enorme acollida. En outro momento, Castelao e Otero Pedrayo falan por Radio Barcelona, sobre temas parlamentarios e, sobre todo, do Estatuto catalán.

O día 22, son recibidos na Generalitat por Francesc Macià e pola tarde viaxan para Madrid. Esta visita suscitou comentarios e reaccións adversas na prensa madrileña, que vía nela unha conxura, ou algo así, dos "separatistas".

Castelao busca a reciprocidade solidaria entre Galicia e Catalunya. Son innumerabeis os comentarios que fai en "Sempre en Galiza", respecto ós cataláns. Acusou a Casares Quiroga, cando éste foi a defender a Galicia no Pacto de San Sebastián, como representante de ORGA e encomendado pola reunión de Lestrove: "Casares non planteou o problema galego -dice Castelao- nin se sumou aos cataláns. Cóntase, eso sí, que pediu para Galiza os mesmos dereitos que lle fosen outorgados a Cataluña; pero fronte aos cataláns, para dificultarlles, tal vez, a súa misión, e conformándose co sentir centralista da maioría".

O xuicio é duro, pero esta terrible denuncia está xustificada polo gran interés que tiña Castelao en que anduvese para adiante o Estatuto catalán que, en dúbida, allanaría o camiño do galego; e así chegou a decir, "Po-lo esforzo de Cataluña fixéronse posibles as aspiracións da nosa Terra".

Na sesión do Parlamento do 12 de maio de 1932, Castelao, solidariamente, defende o Estatuto catalán nestes termos; "Os parlamentarios que pertencemos ó Partido Galeguista consideramos lexítimas as aspiracións do pobo catalán; a liberdade dos seus sentimentos e dos seus intereses; por iso creemos que se teñen

que conceder a Cataluña os poderes que reclama para a súa liberdade e as fontes de ingresos que necesite para a súa autonomía..."

Un ano máis tarde (1933) Castelao é o inspirador de Galeusca, entre Galicia, Euskadi e Catalunya, que foi constituída en Compostela, o 25 de Xullo de 1933, Día da patria Galega. Galeusca tiña como fin plantexamentos conxuntos de cara a aprobación dos Estatutos Vasco e Galego; era un punto de partida solidaria das tres nacionalidades para reforzar estratexias e obxetivos comúns fronte a unha II República reacia a conceder máis autonomías ca que se tiña xa concedido: a catalana.

O 26 de xullo, eiquí en Compostela, os representantes cataláns trasládan-se ao monumento de Rosalía e Pau Vila entrega unha coroa de bronce ca inscrición "Els Catalans", que aínda hoxe perdura. Hai discursos en galego e catalán que reafirman a solidariedade común.

Os vascos homenaxeaban a figura de Brañas diante do seu sartego. As tres representacións estaban formadas por Castelao, Otero Pedrayo, Alvaro de las Casas, Suárez Picallo, Pau Vila, Rezola, Girona, Rosquelles, Batista i Roca, Muñoz Castanyer, Irujo e de Oyaga, que recorren Ourense, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Viveiro e que, posteriormente, trasladan-se a Euskadi e Catalunya.

En Barcelona, Castelao mantén unha intensa actividade cos políticos claves daquel entón, tal como o manifesta nunha carta dirixida a Alexandre Bóveda e datada en Madrid o 14 de Agosto de 1933. Nesta curta viaxe, Castelao entrevista-se con Cambó, buscando tamén o apoio parlamentario da burguesía catalana, que lle comentou a crisis parlamentaria que se aveciñaba e as dificultades que iban ter os estatutos galego e vasco. Castelao, conscente de que esta dereita necesitaba da aprobación dos Estatutos de Galicia e de Euskadi para consolidar o de Catalunya, plantea-lle a Cambó a entrada de Galicia na Sede de Nacións, para ser recoñecida internacionalmente en caso de un golpe dictatorial. No Ateneo de Barcelona, nestas mesmas datas, ten un encontro de traballo con Batista i Roca, despois do cal entregaron á prensa catalana un manifesto sobre as alternativas de Galeusca.

A entrevista máis importante foi a que mantuvo co presidente Macià, novamente na Font del Lleó. "Comencei decindo que fomos a Cataluña -di Castelao- para pedir consello e axuda á irmán ceibe, mestra en táctica política. Macià non é somentes un símbolo para Cataluña senón tamén para nós, como é Valera e Gandi". Castelao pediu a Macià que intercedese ante Azaña sobre a situación do Estatuto Galego. Di Castelao: "Agora encontrámonos co estatuto proposto, boicoteado polo goberno, abandonado polo partido de Orga e combatido polas dereitas e partido radical... Pero o triunfo depende de un home somentes: Casares Quiroga. Si quere Santiago nós poderemos presentar axiña o noso Estatuto nas Cortes". E máis tarde: "Macià estivo craro e terminante asegurando que falaría con Casares mellor que con Azaña (a quen considera pior que Casares) para convencelo que a salvación política está no Estatuto Galego e que nós o axudaremos".

Nesta longa entrevista trataron-se problemas de tipo constitucional e estatutario e, tamén, encol dunha posible estratexia das nacionalidades hispanas para estar presentes nos foros internacionais. Castelao escribe-lle a Bóveda: "Imposible

decir o que contou Macià e non sería cordo e correcto entregalo a unha carta. O que podo asegurar é que esta cea e esta conversa, que durou deica as tres da mañán, poderá ser histórica".

Estes esforzos de Castelao van-se ver, en parte, frustrados cando, en decembro de 1933 enterase da morte de Francesc Macià. Escrebe no órgano do Partido Galeguista, "A Nosa Terra", co título "Cataluña na morte do libertador": "Cataluña é unha verdadeira potencia material e espiritual. Por iso pese a quen pese, Cataluña será sempre ELA, non será parte de ninguén, senón que será, por saber ser diferente, unida e persoalidade existente. Cataluña merece ter homes da estirpe de Macià. Cada pobo tén o que merece ter".

O 14 de Xullo de 1934, Castelao volta a ser solidario cos problemas que tén Catalunya cando, nun mitin, en Ourense, afirma: "Si houbo algún deputado galego no Parlamento, levantaríase cos vascos para solidarizarse con Cataluña". Este espírito solidario non lle impedía ser crítico cos erros que se producían en Catalunya. Ao seu xuício, "os cataláns aceptaron un Estatuto precario, dunha República que non aumentaría o número de atribucións nen o grao de libertades".

Na primavera de 1937 chega Castelao novamente a Barcelona, procedente de Valencia. A súa actividade nesta cidade marca un fito importante na historia contemporánea de Galicia. E eiquí onde remata a primeira parte do libro *Sempre en Galiza*, que leva data de, "Valencia-Barcelona, fins de 1937", e publica as caricaturas críticas contra os elementos que provocaron a Guerra Civil. En Barcelona circulan varios xornais editados no campo republicano aos que Castelao fai referencia: "Foi neste treito da guerra cando nós, os galegos de tódolos partidos, comenzamos a entendernos e a orgaizarnos. Pubicábanse na zona varios periódicos galegos: "Nova Galiza", "Galicia Libre", "El Socialista Gallego". Os meus albuns de guerra -"Galicia Mártir" e "Atila en Galicia" corrian de man en man".

A revista titulada "Nova Galiza" (Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifeixistas) nasce o 5 de abril de 1937. Está a cargo da Imprenta President Macià, propiedade do Goberno da Generalitat de Catalunya e domiciliada na Av. 14 de Abril, que máis tarde foi rebautizada co nome de "Generalísimo Franco" e que hoxe se coñece como a Diagonal. O primeiro formato é de 44 x 31 cms e vai dende os números 1 ó 12; a partir do 13 até o 18, o formato é de 31 x 21 cms. Era unha revista bilingüe, con predominio do galego. Cas alternativas e consignas, predominantemente do Partido Galeguista, publica traballos tan destacados como "Carta a Oliveira Salazar, dictador de Portugal" e "Aos patriotas irlandeses", ámbalas dúas firmadas por Castelao e Suárez Picallo conxuntamente. A revista chegaba aos diferentes frentes e conectaba cos fuxidos procedentes de Galicia, que relataban os crímenes que se cometían. Había unha páxina informativa que se titulaba, "Loito na nosa Terra"; era unha enorme lista de mortos, que algunhas veces, felizmente, non coincidía ca realidade; Anxel Fole, que se atopaba agachado en Lugo foi obxecto de un dises erros.

En Nova Galiza colaboran un fado de poetas como Ramón Cabanillas, Serafín Ferro, Rey Baltar, Pérez Guerra e Blanco Amor, entre outros; articulistas como García Paz, Arturo Cuadrado, Suárez Picallo, Otero Espasandín e artistas como Colmeiro, Seoane, Ramón Gaya e Arturo Souto. Tal como se pode com-

probar, os motores da revista son dous rianxeiros; Castelao e Rafael Dieste, quen utiliza tamén o pseudonimo de Félix Muriel. Dieste é o intelectual antifeixista que mellor describe en Nova Galiza a traxedia da Guerra Civil en Galicia, creando consignas de profunda sensibilidade política, que os loitadores galegos non poderían esqencer fácilmente. Si en Valencia se editan os dous albums de guerra de Castelao, é en Nova Galiza onde se dan a coñecer na capital catalana. Esta publicación enceta-se con un artigo de Castelao, "Unha Máis" e remata con outro chamado "A vontade galega" que máis tarde incorpora a Sempre en Galiza. No número seis, correspondente ó 1 de Xullo de 1937, Castelao, nun artigo titulado: "Os novos símbolos da Nova Galiza", diseñou un novo escudo galego, ñorando o tradicional do cáliz e a hostia con sete estrelas por razóns obvias.

Nesta estada en Barcelona, Castelao crea, tamén "Solidaridade Galega Antifeixista" que tivo a súa sede na rúa del Pi, nº 12 e depois en Fontanella nº 9, e estaba a cargo de Castelao e Pedro Longueira. Este orgaismo facía de ponte entre Barcelona e a emigración en Latinoamérica. Intervén, asimesmo, en emisións de Radio Barcelona e outras emisoras da Generalitat, dirixíndose aos galegos que loitaban nos frentes republicáns e, por outra banda, tratando temas literarios e artísticos, que tamén publicaba na revista "Nueva Galicia", voceiro do Batallón de Líster.

A Castelao se lle ubica, en Barcelona, en tres residencias. Unha na Avda. Gaudí, 50 (perto da Sagrada Familia), segundo datos de Valentín Paz Andrade; outra en Rambla de Catalunya, 28, segundo varios amigos seus cataláns e, por último, na rúa Balmes, citada por Emilio González López. O máis probabel é que residira nos tres domicilios, en un ou outro momento.

Neste tempo, producen-se graves conflitos nas alianzas político sindicalistas, que influiron na desintegración do goberno da Generalitat. Estes conflitos políticos van desembocar nos sociais, e o 3 de maio do 37, produce-se unha confrontación xeneralizada en Barcelona, con repercusións noutros puntos de Catalunya, pola intervención da guardia republicana na sede da Telefónica, edificio controlado pola CNT e sectores do POUM. Suceden-se combates e barricadas durante cinco días, con un saldo de 200 mortos, o que representou unha pequena guerra dentro de outra. O final destes episodios, Lluís Companys vese obrigado a compartir o goberno ca CNT.

Castelao era un dos animadores destes pactos, dendes o Ateneo barcelonés. El reiteraba a necesidade de crear condicións pra concentrar forzas contra o enemigo común. Meses máis tarde, este optimismo vai ser suplantado por unha enorme decepción, que él describe: "No decorrer da guerra cada ano era un século, e por esto as ideas d-un día necesitaban aclaracións ou rectificacións ao día seguinte". Castelao percebe o desbaraxuste que se aveciñaba. Para él debeu ser tráxico cando ouvía a certos sectores berrar, nas rúas de Barcelona: "Hai que fusilar a Companys!" e, en plan moderador, decía: "Ninguén se lembra de que Cataluña se salvara do pronunciamento militar porque as forzas de Orden Público dependían da Generalitat". Máis, tamén criticaba aos que se opoñían ao movemento proletario dendes unha óptica integrista catalana. Repetía aos seus amigos cataláns estas palabras que máis tarde escribe no Sempre en Galiza: "...o proleta-

riado debe incorporarse ao movemento reivindicador das nacionalidades para derubar a política imperialista e facilitar a unión internacional dos obreiros e campesiños... Querse decir que o proletariado endexamáis pode negar o dereito das nacionalidades á súa independencia, e debe loitar pola liberdade nacional cando elo non se opón aos sagros intereses da súa crase".

O Ateneo barcelonés era unha especie de coartel xeneral dos intelectuais e, sobre todo, dos homes e simpatizantes de Companys. Neste ambiente, Castelao doíase da fragmentación política, que lle facía perder as esperanzas dun triunfo republicano, até chegar a decir: "Cenguídevos cas vestes da Santa Compañía porque xa formamos parte da Hespaña peregrina". Castelao era consciente do perigo da axuda de Alemania e Italia e da pasividade das democracias europeas, o que afogou aos loitadores republicáns.

As actividades de Castelao en Catalunya, no 1937-38, podemos resumilas nos seguintes puntos:

1) Creou infraestructuras para informar e solidarizarse coa Galicia asoballada, por meio dos órganos anteriormente citados.

2) Tuvo contactos directos cos frentes onde loitaban os galegos, sobre todo co Batallón Líster.

3) Contactos diarios ca Generalitat, co Goberno Central residente en Barcelona e co Goberno Autónomo Vasco, refuxiado tamén nesta cidade.

4) Elaborou unha táctica para recuperar o Estatuto galego e para que tomase estado parlamentario.

5) Traballou na elaboración do Sempre en Galiza e escribiu artigos para a prensa de combate, e así como dibuxos.

6) Estudou o contexto histórico de Catalunya.

Sobre este derradeiro apartado hai que suliñar que Castelao estuda Catalunya dendes os ámbitos social, económico, político e cultural. No Sempre en Galiza aparecen múltiples referencias históricas, influenciadas pola corrente histórica de Rovira i Virgili, que representaba e potenciaba a historia tradicional, evocadora das grandezas de Catalunya pero que non ataca os defectos; hai un incubrimento dos feitos reais para xustificar o papel das clases dirixentes, é decir, da burguesía. Había outra corrente protagonizada por Jaume Vicens Vives que esclarecía as contradicións catalanas, fronte a Rovira.

Barcelona, a fins de 1937, convirte-se nunha cidade con tres gobernos e con un continxente de forzas e refuxiados de gran envergadura. O fracaso de Teruel, o aillamento de Catalunya (con fortes penetracións de tropas feixistas) e a enorme problemática de subsistencia a que estaba sometida a Cidade Condal, fan insostenibel un triunfo republicán. Castelao estaba dentro deste drama, drama compartido con centos de galegos.

Segundo me contou Ventura i Gasols, Conseller do Goberno de Companys, finado hai unhos oito anos, en certa ocasión, saindo do Ateneo e dirixíndose ás Ramblas, ollaron ao brigadista e escritor inglés George Orwell na terraza do cine Poliorama, con unha ametralladora antiaérea e Castelao, que o trataba, recomendou-lle que deixara a arma e que plantase patacas na terraza. Naquela altura, a cidade estaba chea de plantas de cultivo en balcóns e terrazas para aminorar a fame. Gasols decatou-se que Castelao tiña unha enorme visión do que estaba acontecendo, pese á euforia de moitos: "A guerra está perdida -decía-lle- defendámonos con honor".

Contaba-me tamén, que Orwell tiña unha teima enorme contra as torres da Sagrada Familia e comentou-lle a Castelao que non entendía cómo os anarquistas non tiñan xa derrubado esas catolicísimas torres. Castelao respondeulle: "Deixa hom deixa, será o único sitio de Cataluña onde poderán formicar os sublevados con Isabel a Católica". Esta retransa contiña unha crítica á alianza católico-feixista. Por outra banda, parece ser que solía expresar a enorme dor que lle producían os mártires das cunetas de Galicia, entre eles o político Alexandre Bóveda e o artista Camilo Díaz Baliño.

Outro feito importantísimo protagonizado por Castelao produciu-se na reunión das Cortes, en Montserrat, o 1 de febreiro de 1938, onde o Estatuto galego, plebiscitado en 1936, colle estado parlamentario. Con anterioridade había visitado a Martínez Barrios e éste comenta-lle que o Estatuto non tiña a entrada rexistrada. O presidente das Cortes envía a Madrid ao seu oficial primeiro, co fin de traer o Estatuto; o oficial voltou decindo que se perdera. Castelao valeu-se dun home enormemente eficaz: Emilio González López, que trouxo o estatuto antes de que fose redactado o orde do día. En Montserrat tiveron lugar ofensivas contra a proposta galeguista. Decía-se que non era procedente a lectura do Estatuto, xa que había outros puntos que tiñan máis prioridade como o de rematar co feixismo.

O 2 de febreiro todos os xornais falan dos acontecementos da sesión, pero son poucos os que emiten opinións sobre o Estatuto galego, a excepción do "Diari de Catalunya", que dí: "Duas observacións a facer. Unha, que como nacionalistas satisfai-nos plenamente a presentación do Estatuto do País Galego. Un pobo irmán que en meio da guerra loita e camiña para a súa liberación".

Os socialistas, encabezados polo deputado galego Manuel Cordero, publican na prensa de Barcelona, o 23 de febreiro de 1938, un manifesto discrepando cos homes que fixeron posible aquela realidade. Tamén nos dí Castelao que Manuel Portela Valladares estaba sorprendido e furioso en Montserrat: "O vello D. Manuel pasou á miña veira, olloume con malicia e dixo-me con agarimos: "Saiulle ben a xogada, eh?" Eu respondinlle con cara de risa: "Non fun eu; foi Montero Rios". Alí ninguén sabía a verdade máis que Emilio González López. Ninguén soupo adiviñala máis que Portela Valladares". Noutro momento dí Castelao: "Cando voltamos de Montserrat eu sentíame máis atristurado que nunca. Pensaba en Bóveda e nos mártires galeguistas".

Xa entrado o ano 1938, Barcelona é sometida a constantes bombardeos pola aviación italiana, con base en Mallorca. Con relación a estes sucesos, nos dí

González López: "Castelao vivía na rúa de Balmes. Un bombardeo aéreo destruíu a súa casa e il quedou casi medio cego como xa estaba, perdido entre as ruínas do que fora o seu domicilio". Castelao refuxia-se en Sant Cugat del Vallés, na casa de Marcial Fernández, director de Carabineros e dendes eiquí sae para a Unión Soviética, como xa todos sabemos. En xuño atopamos novamente a Castelao en Barcelona.

Durante a Guerra Civil, é posíbel que Castelao pasara dificultades económicas, tal como se desprende dunha carta que lle escribe a D. Ramón Martínez López, con data do 19 de abril de 1940, onde dí: "Eses cincoenta dólares que che ofrezco teño-os e po-lo tanto hai a seguridade absoluta de que os entregaría en caso necesario. Vai a miña axuda en recompensa das que tí me tés prestado, en cafés e máis en patacas cando vivíamos en Barcelona.

Nunha carta, en castelán, de Ramón Suárez Picallo a Marcial Fernández, dí o seguinte: "Despois, os días, as noites, as horas e os minutos de anguria en Barcelona, cando era irremediable a gran catástrofe (...) E, no meio e meio o home e, moitas veces, a presenza física de Castelao, o artista, o símbolo, o amigo e o apóstolo indiscutido. Castelao en Galicia, Castelao en Madrid, Castelao en Barcelona, Castelao en Nova Iork e Castelao en México" (Prólogo de Ramón Suárez Picallo a "Trascendencia y Hondura de Castelao", de Marcial Fernández).